



# Iván Fernández

**CONCERTO DIDÁCTICO**

Da amizade á admiración

# PROGRAMA

## **L. V. Beethoven**

Quasi una fantasia. Sonata, op. 27 nº 2

## **R. Schumann**

Variacións sobre un tema de Beethoven \*

## **J. Brahms**

Variacións sobre un tema de Schumann, op. 9

\* Proposta interpretativa dos Exercicios WoO 31 en forma de  
variacións sobre un tema de Beethoven

Ludwig Van Beethoven, Robert Schumann e Johannes Brahms. Tres grandes compositores e pianistas que compartían algo máis que a súa xenialidade e paixón pola música. A obra de Beethoven foi unha clara fonte de inspiración para Robert e Johannes, quen, ademais de manter unha estreita amizade, gardaban un profundo sentimento de mutua admiración.

Este concerto, dirixido a todos os públicos, conduciranos de forma didáctica por obras que ilustrarán perfectamente dita relación entre estes tres colosos.

Despois de escoitar unha das obras máis representativas do período romántico de Beethoven, as virtuosas variacións de Schumann sobre un tema do compositor de Bonn son unha boa mostra da veneración que Robert sentía cara a el. Para finalizar, as intimistas variacións de Brahms sobre un tema de Schumann achegaránnos á confraternidade entre Johannes e os seus estimados valedores, Robert e Clara.

Nacido en Vigo en 1984, Iván Fernández iniciou os seus estudos musicais na mesma cidade con Rita Ivaskeviciute. Graduouse con matrícula de honra en Interpretación Pianística na Escola Superior de Música de Cataluña da man de Rafael Salinas, PhD, onde tamén sería mencionado con honras polo seu proxecto de investigación *Recursos expresivos en las últimas sonatas de Beethoven*, interpretando en concerto as sonatas op. 109, op. 110 e op. 111 do compositor.

No ano 2015 obtivo o máster de Interpretación Pianística na Ak. Gnessin de Moscova, onde foi galardoado co Diploma Vermello, cum laude, tendo estudiado alí con Vera B. Nosina, catedrática e artista honorífica de Rusia. No ano 2013 obtivo o primeiro premio e recibiu o diploma á Mellor Interpretación de Música Rusa na edición XIV do Concurso Internacional Musica Clásica, celebrado en Ruza, Rusia. No 2009 foi finalista no *Concurso Internacional de Jóvenes Intérpretes* de Liria e se lle galardoou coa prestixiosa bolsa de excelencia *Beca Anna Riera*.

Recibiu consellos de grandes personalidades da música, tales coma Leonid N. Sintsev, Pavel Dombrovsky, Lidya Reznikova, Tatiana Tarnavskaya, Jarosław Drzewiecki, Arcadi Volodos, Douglas Humpherys, Alba Ventura, Rasa Biveiniene, Ramon Coll, Salvador Mas, Michal Drewnowski, Meira Farkas, Natalia Posnova, Ingrid Sotolarova, Yuri Bogdanov, Christian Zacharias, Pierre Reach, Luis Pipa, o Cuartet Casals ou Leonel Morales.

Obtivo a diplomatura na especialidade de Maxisterio en Educación Musical en 2007, na Universidade de Vigo.

Como docente cabe destacar a súa etapa na U. M. Benaguacil de Valencia, en 2011-2012, en Mayeysis Vigo, en 2018-2020, e no CEMU Superior Mayeysis, en 2019. Hoxe en día é profesor de piano no Conservatorio Profesional e Escola de Música de Arzúa, A Coruña. No ano 2012 exerceu de pianista no Cafè de la Pedrera, Casa Milà, Barcelona, e durante o 2020 e 2021 no Monfortino Gastropianobar de Vigo.

Entre os anos 2016 e 2017 colaborou con Radio Arzúa como creador e organizador da emisión musical semanal Programa de man. Máis información e contido multimedia na páxina web persoal de Iván Fernández: [www.ivanfernandezsoto.com](http://www.ivanfernandezsoto.com)

26 de novembro de 2021, às 20:30h.  
Paraninfo da Universidade



Facebook: @AreadeCulturaUSC  
Twitter: @CulturaUSC